

PROGRAMA 2023

O noso Concello conta cun potencial enorme, pero o día a día pon de manifesto unha serie de carencias que poderían converterse en oportunidades coa nosa xestión.

Este programa recolle, vehiculado ao longo de diferentes eixes, unha serie de análises e propostas para crear unha axenda municipal compartida, listando o que nos gustaría poñer en marcha e priorizando as accións para levar a cabo segundo a súa urxencia.

Dicía o clásico que “a unión fai a forza e a discordia debilítala”, e nós queremos unir todas as mans para que, traballando en equipo, o Concello de Oleiros mellore para todos e todas. Anímaste a sumarte?

1 DEMOCRACIA

Desde a candidatura socialista traemos unha proposta de revitalización democrática, que poña o foco nos problemas da xente e para iso esta candidatura do PSdeG-PSOE ofrécese a facer un traballo serio, a logralo con responsabilidade, con diálogo, con respecto e con educación.

Apostamos por incrementar a participación dos grupos municipais, para transmitir a voz de todos e todas, na xestión municipal a través da celebración de comisións das distintas áreas onde se analicen acordos e medidas que posteriormente se leven para a súa votación aos plenos.

- Cambiaremos as formas de exercer o goberno, DA AUTORIDADE Á EFECTIVIDADE, con diálogo, rigor e respecto.
- Impulsaremos a obrigatoriedade do debate das mocións e as preguntas dos grupos en pleno para levar a voz de TODOS os cidadáns e cidadás de Oleiros.
- Propoñeremos acceso á participación nos actos de representación do Concello de todos os representantes municipais e nos medios de comunicación de titularidade propia.
- Garantirase a participación de todos os grupos municipais nos medios de comunicación cuxa titularidade ostente o Concello (radio, publicacións e outros).
- Facilitaremos o acceso a toda a información que soliciten os grupos o máis axiña posible.
- Crearase un Portal de Transparencia real no que se informará das contas do Concello.
- Todas as actuacións de contratación promovidas polo Concello, sexa cal for o importe, serán publicadas na páxina web municipal e debatidas previamente nas comisións correspondentes.
- O inventario municipal de bens será publicado e actualizado, na propia páxina web do Concello.
- Promoverase, desde a propia páxina web, un servizo de valoración da xestión municipal.

- Implantaremos Oficinas de Atención ao/á Veciño/a con persoal de asesoramento e rexis nas que efectuar distintos trámites garantindo que ningún veciño teña que percorrer varios quilómetros para facer unha xestión en todos os núcleos de poboación superiores a 1.000 habitantes.
- Potenciarase que todas as parroquias e lugares dispoñan progresivamente dos mesmos servizos: acceso a internet, transporte, calidade na subministración eléctrica, etc.
- Os paneis serán informativos, e destinaranse única e exclusivamente para a información cidadá acerca de axudas, subvencións e outros asuntos de interese xeral para os veciños, priorizando neles o respecto e a necesaria colaboración con outras administracións.

2 AIRE NOVO

Desde a candidatura socialista traemos unha proposta fresca, chea de traballo, responsabilidade e ilusión para darlle a Oleiros ese AIRE NOVO que tanto necesita tras un liderado de case 40 anos. Foron anos de maiorías que pechan a porta a calquera proposta de cambio e innovación, mantendo o Concello coa mesma dinámica personalista e de confrontación do século pasado. Claro que queremos un Oleiros Guapo, pero tamén Vivo, Novo, Democrático, Igualitario, Non Excluínte e sen Medo.

- A resposta aos problemas da xente pasa por recuperar a relación entre administracións, esixindo o que corresponde a Oleiros pero sen confrontacións gratuítas.
- Crearemos o Portal do veciño/a de Oleiros que dea resposta rápida para dúbidas, queixas, suxestións ou resolución de xestións menores nunha primeira fase. Queremos que nos axudes a mellorar.
- Para un Concello moderno e áxil é imprescindible o acceso á fibra de todos e todas os oleirenses vivan onde vivan.
- Nunha segunda fase implementaremos unha App que permita seguir a evolución de cada expediente en tempo real.
- Implantaremos unha Oficina de consumo do Concello de Oleiros, con especial atención a asesoría en subministracións de electricidade e gas, con campañas divulgativas para favorecer o aforro.

O medio ambiente, a calidade do mesmo, o territorio, a biodiversidade e o benestar animal están entrelazados e esixen unhas políticas que atendan simultaneamente a todos eses factores.

- Promoveremos a ordenación do territorio e facer un uso racional do chan, conservalo e protexelo.
- Propoñemos impulsar desde Oleiros instrumentos de ordenación de ámbito supramunicipal e dotarnos de estratexias que permitan abordar un

desenvolvemento metropolitano integrado. Oleiros pode e debe liderar este traballo conxunto poñendo en valor os seus éxitos pero sen obviar as súas carencias.

- Traballaremos para que a presión urbanizadora vaia acorde coa implantación de servizos.
- Impulsaremos a reforestación de Oleiros, con axudas directas á plantación de exemplares autóctonos, así como formación, colaboración e axudas para a eliminación de especies invasoras que se instalaron en leiras particulares como a herba da Pampa.
- Desenvolveremos un plan de control de pragas compatible co mantemento e fomento da biodiversidade.
- Elaborarase plan para evitar a presenza de xabaríns en núcleos urbanos e esixiráselle á Xunta que actúe por ter a competencia e porque este problema non entende de límites municipais.
- Potenciaranse as medidas de vixilancia e control para previr incendios.
- Crearemos áreas caninas pechadas para que os cans poidan xogar en liberdade baixo supervisión dos seus donos en diferentes zonas, comezando polas máis urbanas que son as que presentan maior carencia.
- Eliminaranse as sinalizacións de “Prohibido cans” dos parques, restrinxindo as condicións de acceso a aquelas nas que haxa zonas de xogo infantís. Regularase mediante ordenanza as obrigas sobre o paseo de cans polo Concello en espazos públicos e praias e implantarase un sistema de trazabilidade das deposicións caninas.
- Efectuaranse campañas informativas e de concienciación dos deberes dos propietarios de mascotas, buscando o mellor equilibrio dos usos dos espazos públicos por parte de todos.
- Levarase desde o Concello o control das colonias felinas, evitando así a proliferación de gatos, e impulsando as actuacións de captura e esterilización de animais da rúa.
- Estableceranse areas que poidan utilizar cans en praias que non teñan bandeira azul.
- Fomentarase a adopción en colaboración coas asociacións protectoras de animais e o Consorcio das Mariñas, responsable do servizo de lacería en Oleiros e concellos contiguos.

3 SUSTENTABILIDADE

Apostamos por un Oleiros que siga crescendo, por suposto, pero mantendo un equilibrio entre o número de novas construcións e os novos servizos que temos que prestar á cidadanía do Concello.

Os Socialistas propoñemos medidas para finalizar co urbanismo excluín-te, para que os nosos fillos e fillas, os nosos mozos poidan seguir vivindo en Oleiros. Temos que xestionar con “sentidiño” para impedir que Oleiros morra de éxito.

Cambiar a un modelo urbano que fomente a compacidade, o equilibrio urbano e a dotación de servizos básicos, de modo que se contrarreste a dispersión actual.

- Melloraremos a calidade e a sustentabilidade dos edificios creando unha liña de información e axudas para apoiar a particulares e comunidades.
- Poremos unha liña de axudas para a instalación de ascensores.
- Implementaranse medidas fiscais que fomenten a mellora enerxética de vivendas e locais.
- A poboación dispersa encarece os servizos públicos e dificulta a competitividade e a sustentabilidade, prexudicando ao comercio de barrio e favorecendo ás grandes superficies, polo que apoiaremos a reimplantación do comercio de proximidade que evite ter que coller o coche para todo.
- En canto aos proxectos e acordos urbanísticos de Oleiros, propoñemos que antes de poñer en marcha modificacións urbanísticas estas serán trasladadas aos veciños afectados, explicando tanto os prexuízos xerados como os beneficios públicos esperados coas actuacións propostas.
- Priorizaremos a rehabilitación das vivendas existentes por encima da construción doutras novas.
- Fomentaremos poñer ao dispor no mercado de aluguei vivendas accesibles para os mozos e mozas.

O futuro dos nosos fillos e fillas depende do que fagamos agora, as visións cortoplacistas en materia de clima xa están empezando a manifestar as súas consecuencias agora mesmo e debemos contribuír desde o ámbito local. Este punto ten conexión directa coa mobilidade, xa que boa parte das nosas emisións veñen derivadas do transporte.

- Para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro debemos cambiar a política de transporte, que non existe para o actual alcalde máis aló de pedir a ampliación da Pasaxe.
- Fomentaremos a diminución do actual alto peso do tráfico viario sobre as emisións de CO₂, derivado do baixo uso do transporte público e a dependencia do vehículo privado.
- Fomentaremos a mellora do transporte público esixindo á Xunta implicación e liderando o impulso na área Metropolitana.
- Traballaremos, pois, para aliviar a excesiva dependencia dos combustibles fósiles debido ás altas taxas de mobilidade individual e tamén na substitución de elementos de calefacción nas casas por outros renovables, asesorando aos veciños sobre tecnoloxías e custos de instalación e mantemento. Para iso ademais aplicaremos bonificacións fiscais.

- Impulsaremos plans municipais de xestión dos residuos e de información cidadá. Hai residuos mal depositados na práctica totalidade dos contedores do Concello.
- Impulsaremos o cambio á xardinería adaptada a menor consumo de auga e de recursos naturais.
- Traballaremos para diminuír a presión sobre os chans verdes do municipio.
- Modificaremos a alta dependencia de fontes enerxéticas non renovables en instalacións municipais, centros educativos, iluminación pública,...poñendo en marcha un plan progresivo de substitución de elementos por outros de menor consumo.
- Para mellorar a calidade do aire e reducir o nivel de contaminación acústica en zonas como Iñás ou Perillo fomentaremos o uso dos medios de transporte máis sostibles e esixiremos a construción de pantallas verdes para mitigar as molestias do tráfico.

Para avanzar cara a un futuro digno habemos de facer unha xestión sostible dos recursos e favorecer a economía circular, con campañas municipais para redución de residuos e de reciclaxe.

- Minimizaremos con políticas activas o risco de pobreza enerxética crecente, especialmente en zonas de baixo nivel de renda e parque edificado envellecido, promovendo campañas de redución de facturas e de asesoría aos veciños.
- Implantaremos sistemas de recollida de envases con incentivos en forma de recargas de tarxetas ou puntos para os usuarios.
- Melloraremos o consumo público de electricidade, especialmente no alumeadado.
- Rede de sumidoiros. É necesario un programa de renovación e novas infraestruturas con incremento do saneamento separativo, incrementándoo progresivamente ata alcanzar a todo o Concello.
- Impulsaremos as comunidades enerxéticas e actuacións para implantar instalacións fotovoltaicas tanto públicas como privadas.
- Instalaranse baños públicos nas distintas sendas e camiños naturais do Concello.
- Instalaremos placas solares fotovoltaicas en todas as cubertas de edificios municipais.
- En Iñás e San Pedro de Nós recuperaremos o espazo verde do lavadoiro, apostaremos pola revisión do cabreado de luz e a colocación adecuada de puntos de luz.
- Melloraremos o mantemento adecuado e a limpeza de contedores en todo o Concello, así como a limpeza viaria.
- Impulsaremos de xeito inmediato un plan Piloto de mellora e rehabilitación para Santa Cristina que se fará extensivo a outros núcleos ao longo da lexislatura.

4 MOVILIDADE

A mobilidade é o gran problema de Oleiros que temos que solucionar XA. Non podemos seguir circulando polas mesmas estradas agora que somos máis de 37 000 habitantes que cando só eramos 7 000. Hai problemas de conxestión de tráfico en parte orixinados pola configuración urbana en forma de embude no acceso á Pasaxe. Existe un elevado nivel de motorización individual ao que hai que ofrecerlle alternativas.

- Implantaremos aparcadoiros disuasorios ben conectados con transporte público. Hai que lembrar como para eventos masivos en Santa Cristina como a Festa dos Mundos habilitáronse aparcadoiros temporais. Espazo hai, hai que poñer vontade.
- Ante a dificultade de comunicación dos polígonos industriais impulsaremos acordos coa Xunta para mellorar itinerarios e frecuencias.
- Bonificaremos fiscalmente a empresas que implanten modos de transporte colectivos.
- A rede de vías ciclistas esténdese de forma descontinua, tramos sen conexión entre si, o que a converte nunha rede sen identidade e coherencia, con falta de sinalización, ante o que propoñemos un plan para progresivamente interconectar estas redes viarias e dotalas de seguridade. Tamén se incrementarán os itinerarios peonís interconectados e seguros.
- Aproveitaremos a crecente sensibilidade da poboación e as administracións co medio ambiente e a mobilidade peonil e ciclista: en colaboración co Consorcio das Mariñas impulsaremos unha rede de estacións de bicicletas eléctricas.
- Transformaremos o modelo de mobilidade con alta dependencia do vehículo privado nunha mobilidade centrada en modos sostibles potenciando os desprazamentos peonís, en bicicleta, o uso do transporte público, tanto no Concello como na área metropolitana e a intermodalidade, así como outros modos de transporte colectivo e compartido.
- Planificaremos e adecuaremos o Concello aos novos sistemas de mobilidade que están a xurdir e xurdirán no futuro: mobilidade eléctrica, compartida, coches autónomos, etc.
- Dotarase ao Concello, progresivamente, de puntos de carga para vehículos eléctricos.
- Impulsaremos aplicar e cumprir a temporalización do aprobado Plan de Mobilidade do Concello de Oleiros.
- Implantaremos de forma prioritaria cunetas de seguridade evitando peóns pola calzada.
- Melloraremos a seguridade viaria en O Couto. Na rúa Manuel Pardo de Andrade, Iñás, Lorbé, etc.; coa construción de beirarrúas e/ou cunetas de seguridade.
- Apostamos por asumir vías por parte do Concello para melloralas e humanizalas.

- Incrementaremos as prazas de discapacitados e definiremos zonas de aparcamento para residentes.
- Incrementaremos as frecuencias e valoraremos a creación de novas liñas do bus interno municipal que dea servizo sobre todo á zona norte: Serantes-Dexo-Maianca, así como a Iñás e San Pedro.
- Estudaremos a viabilidade de implementar liñas para mercado-Concello-centros de saúde-casas do pobo, pavillóns, piscinas, bibliotecas e outros servizos.
- Melloraremos os itinerarios escolares especialmente Rabadeira-Cristo Rey.
- Implantaremos o transporte público a demanda xestionado desde o Concello.
- Desenvolveremos zonas de circunvalación en áreas de tráfico elevado.
- Impulsaremos a creación dunha entidade de transporte metropolitano para mellorar conexións con toda a área metropolitana.
- Esixiremos desbloquear a Vía Ártabra e continuar coa conexión ata a A6.
- Esixiremos con todo o respecto institucional pero con determinación que a administración autonómica sente coa mesa de alcaldes metropolitanos para estudar implantación dunha autoridade única do transporte en coordinación cos buses urbanos da Coruña para desbloquear a extensión do urbano 1A durante todo o ano a Santa Cristina e para incrementar liñas coa Coruña á universidade, hospitais, polígonos industriais, áreas comerciais, etc.; en horarios adecuados para reducir desprazamentos en coche propio.
- En Perillo traballaremos para resolver o problema de aparcamento do Mercado e Do Centro de Saúde.

5 IGUALDADE E OPORTUNIDADES PARA OS NÓSOS MAIORES

Existe máis dun Oleiros e para que aos poucos todos e todas teñamos as mesmas oportunidades fomentaremos a cohesión social e buscaremos a equidade. Os nosos maiores han de ser unha prioridade nas políticas municipais. Imos dar resposta ás necesidades das persoas maiores e reflexionaremos sobre os retos urbanos vinculados ao envellecemento.

Non se arranxan os problemas “coa festa dos maiores”, hai que escoitar e atender aos nosos maiores.

- Reduciremos o risco de pobreza e exclusión social en contornas desfavorecidas aplicando políticas activas.
- Existe un desequilibrio económico entre zonas de costa/interior que queremos reducir con políticas sociais activas.
- Perda de poboación nova do municipio polo prezo da vivenda. Melloraremos a capacidade de fixar a poboación nova no municipio.
- Traballaremos para mellorar a inclusión social dos colectivos en risco de exclusión e a redución das desigualdades.

- Aplicaremos unha política de impostos baseada na progresividade, o que máis ten, que pague máis.
- Garantirase, se é preciso con bonificacións ou subvencionándoo, que todas as parroquias teñan Servizo de Taxi, reorganizando o servizo para cubrir mellor todas as franxas horarias, especialmente as nocturnas.
- Fomentarase que os horarios das festas e verbenas sexa acorde cos demais Concellos da área metropolitana e será obrigatorio que en todas as festas o Concello habilite un punto lila.
- Minimizaremos os tempos de resposta do Servizo de Bombeiros.

A fiscalidade é unha ferramenta para obter e xestionar recursos que empregaremos para mellorar Oleiros desde unha óptica de progresividade.

- **IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI).**
 - Regularemos a bonificación de ata o 90% para familias numerosas de acordo aos niveis de renda por membro da unidade familiar.
 - Estableceremos unha bonificación de ata o 50% da cota íntegra do imposto para os bens inmobles nos que se instalon sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía proveniente do sol, incluíndo aquelas instalacións xa executadas e en funcionamento a día de hoxe.
 - Estableceremos unha bonificación de ata o 95% na cota íntegra do imposto para os bens inmobles de uso residencial destinados a alugueiro de vivenda con renda limitada.
 - Bonificarase ata o 50% do imposto a favor dos inmobles nos que se instalon puntos de recarga para vehículos eléctricos.
- **IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO).**
 - Establecerase unha bonificación do 90% para obras destinadas a mellorar a accesibilidade de persoas con discapacidade.
 - Unha bonificación de ata o 90% a favor das construcións, instalacións ou obras necesarias para a instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos.
 - Unha bonificación de ata o 95% a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar.
- **IMPOSTO DE CIRCULACIÓN (IVTM).**
 - Estableceranse bonificacións do 75% para vehículos eléctricos, híbridos, e aqueles que resulten máis respectuosos co medio ambiente.
 - Unha bonificación de ata o 100% para os vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos.

- IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE).
 - Unha bonificación de ata o 50% da cota, para quen inicie o exercicio de calquera actividade empresarial e tribute por cota municipal, durante cinco anos.
 - Unha bonificación por creación de emprego de ata o 50% da cota para quen incrementase a media do seu persoal de traballadores con contrato indefinido durante o ano anterior.
 - Unha bonificación de ata o 50% da cota correspondente para quen estableza un plan de transporte para os seus traballadores que teña por obxecto reducir o consumo de enerxía e as emisións causadas polo desprazamento.
 - Unha bonificación de ata o 50% para quen instalase puntos de recarga para vehículos eléctricos nos locais afectos á actividade económica.
- PREZOS PÚBLICOS. Os prezos públicos estableceranse en consideración ao tramo de renda na que se atope o suxeito pasivo, establecendo diferentes tramos.
- CONTRIBUCIÓNES ESPECIAIS. Estableceremos un cofinanciamento limitado acorde á zona na que se intervén e as carencias desta.
- FRACCIONAMENTO E APRAZAMENTO DE TRIBUTOS: Facilitarase o fraccionamento e non se esixirá interese de demora nos acordos de aprazamento dos tributos de carácter periódico (IBI).
- FACILIDADE NO PAGO DOS TRIBUTOS: Facilitarase o fraccionamento e aprazamento de débedas tributarias atendendo ás situacións particulares.
- TAXAS DE RECOLLIDA DE LIXOS E DE AUGA E REDE DE SUMIDOIROS: estableceranse as bonificacións máximas previstas na lei para persoas desempregadas, familias monoparentais e familias numerosas atendendo ao IPREM.
- Incrementaranse as axudas e actuacións para a mellora da calidade de vida das persoas dependentes e os seus achegados.

Outras medidas para a igualdade de oportunidades.

- Apostaremos por un Oleiros social mirando aos nosos maiores.
- Valoraremos a necesidade de crear centros de día municipais para dar servizo aos maiores do Concello aproximando ese servizo aos veciños/as e traballaremos para lograr incrementar as prazas en residencias públicas.
- Estudaremos a creación de vivendas comunitarias tuteladas, supervisadas por profesionais, facilitando no seu caso os cambios de uso oportunos.
- Facilitarase a posta en marcha dun tanatorio.

- Propoñeremos implantar un plan piloto que unifique centros de mozos e maiores utilizando os recursos existentes no Concello para "proxectos interxeracionais".
- Fomentaremos os bailes e eventos para maiores nas casas do pobo para favorecer as relacións e o exercicio.
- Traballaremos na educación a prevención, detección e protección do acoso escolar ou fobia LGTBIQ+ nos centros de lecer dos mozos do Concello así como prevención de adiccións e educación afectiva/sexual, ademais de contar en todos eles cun punto lila.
- Poñeremos en marcha un programa de voluntariado municipal para prestar apoio e acompañamento ás persoas maiores, tanto ás que están institucionalizadas como ás que viven nos seus domicilios ou vivendas tuteladas.
- Facilitaremos a adaptación das vivendas dos maiores ás súas necesidades de mobilidade potenciando o uso dos baixos como vivendas adaptadas.
- Faremos un Plan de accesibilidade para facilitar o uso por todos e todas de praias e espazos públicos.
- Centralizaremos nunha única oficina a atención á dependencia unificando servizos.
- Cederemos espazos públicos para que as asociacións traballen e presten servizos aquí aos discapacitados deste Concello.
- Contemplaremos, empregando as ordenanzas, axudas para facilitar a mobilidade aos discapacitados e o acceso ás súas vivendas ou espazos públicos.
- Adaptaremos prazas de gardería ao incremento de poboación infantil no Concello e implantaremos programas e medidas que faciliten a conciliación.

6 EMPREGO

O Oleiros actual presenta unha elevada tercerización da economía local, destacando a hostalería e o pequeno comercio, con escasa implantación industrial.

Impulsaremos a implantación en Oleiros de empresas de carácter tecnolóxico poñendo ao dispor de emprendedores e empresas todas as facilidades ao noso alcance. Un polígono como o de Iñás debe albergar a empresas que xeren emprego de calidade e alto valor engadido e futuro.

- Incluíranse cláusulas sociais nos pregos dos procedementos de contratación pública, facilitando ademais o acceso a PEMES e microempresas e potenciando a xeración de emprego vinculado ao territorio, tal como impulsa a Directiva 2014/24/UE.

- Estableceremos unha liña de axudas para autónomos e emprendedores, con apoio e asesoría, implementando axudas vinculándoas á permanencia da actividade e a Oleiros.
- Destinaremos unha partida para axudar á contratación por conta allea por parte de PEMES e microempresas, vinculándoas ao mantemento do emprego durante dous anos.
- Estableceranse bonificacións sobre a cota a aqueles establecementos cuxas terrazas se achen esteticamente integradas na contorna impulsando para iso unha ordenanza clara e transparente.
- Promoveranse actuacións destinadas á dinamización do comercio local, a través de medidas tales como a promoción conxunta das áreas comerciais locais e planificación de eventos destinados á dinamización do comercio local. Si á iluminación do Nadal como elemento dinamizador. Co aforro producido optimizando luminarias municipais hai dabondo para cubrir isto.
- Fomentarse a cooperación nas diferentes áreas comerciais, a través de actuacións como centrais de compra, potenciación de sinerxias e economías de escala.
- Potenciaremos un Oleiros cidade dos 15 minutos, achegando servizos.
- Implantaranse actuacións formativas en áreas como márketing, xestión, técnicas de venda e deseño de escaparates para fomentar as vendas do comercio local.
- Fomentaremos a ampliación da rede de caixeiros no noso municipio, prestando unha especial atención ás áreas comerciais locais e a atender á poboación maior.
- Impulsaranse medidas de canalización do turismo cara ao comercio local, a través da promoción conxunta de ambas as actividades.
- Planificarase a elaboración dunha rede de roteiros turísticos a través do Concello, aproveitando a riqueza natural e cultural do mesmo, en coordinación co Consorcio das Mariñas e os Concellos limítrofes.
- Preservaremos e potenciaremos os monumentos naturais, culturais e arqueolóxicos do noso Concello, como os castros, a costa de Dexo e Faro de Mera, etc.
- Realizaranse actuacións de promoción do turismo no Concello, a través de portais e feiras especializados, tanto de ámbito nacional como internacional.
- Fomentaremos a actividade deportiva e lúdica na contorna costeira e mariña, así como nas contornas naturais do noso Concello, planificando campamentos de verán e actuacións de tempada.
- Impulsaremos a construción dun porto deportivo en O Xunqueiro (Mera), aproveitando os terreos municipais existentes na zona, sempre co maior respecto ao medio ambiente e limitando o impacto sobre o mesmo.

- Desenvolveremos, en común con outros Concellos limítrofes, actuacións de promoción e execución de actuacións que impulsen o turismo na zona, así como feiras gastronómicas e eventos culturais.
- Situaremos a Oleiros na axenda dos grandes grupos de rock nacionais e internacionais poñendo á súa disposición espazos como os areas de Santa Cristina, Bastiagueiro, etc.
- Estableceranse convenios coas Confrarías de Pescadores para formar a xente para traballar no mar.
- En Perillo e Santa Cristina abordaremos actuacións específicas como dinamizar o Mercado de Perillo como base e promotor do comercio de proximidade en todo o Concello, revisando e adecuando taxas e canon e mellorando a accesibilidade do mercado.
- Reabrir e dinamizar a Escola de Artes Plásticas de Perillo.
- Potenciaremos a repartición a domicilio do comercio local e adecuaremos o bus interno do Concello para facilitar o acceso ao mercado desde calquera parroquia.
- Potenciaremos o Porto de Lorbé como dinamizador económico e xerador de oportunidades.
- Ofreceremos espazos en Oleiros para que se instalen empresas de novas tecnoloxías asociadas á economía circular, por exemplo as de reciclaxe de baterías.
- Habilitarase un espazo para unha área de autocaravanas de características adecuadas á demanda crecente.

7 VIVENDA PARA OS MOZOS E MOZAS

Queremos un Oleiros que siga crescendo, por suposto, pero mantendo un equilibrio entre o número de novas construcións e os novos servizos que temos que prestar aos cidadáns do Concello. Os Socialistas propoñemos xestionar para finalizar co urbanismo excluín-te, para que os nosos fillos e fillas, os nosos mozos e mozas poidan seguir vivindo en Oleiros.

- Impulsaremos políticas que garantan o acceso á vivenda.
- Estableceremos unha liña específica de axudas ao arrendamento de vivenda habitual para mozas, e persoas con escasos recursos económicos, en función do tramo de renda obtida polo solicitante.
- Implementaremos medidas que atenúen o alto prezo da vivenda que provoca migración dos nosos mozos.
- Poñeremos en marcha un Parque municipal de vivenda, dentro do desenvolvemento dun Plan Municipal de Vivenda e vinculado aos novos desenvolvementos urbanísticos.

- Apostaremos por reducir nos novos polígonos de vivenda a predominancia dos modelos residenciais de baixa densidade tales como vivendas unifamiliares illadas.
- Responderemos á tendencia de incremento de demandantes de vivenda en réxime de alugueiro fronte a compra con políticas activas.
- Eximirase de ORA e do estacionamento limitado aos residentes nas zonas demarcadas para tal fin.
- Potenciarase a conversión de baixos para construción de vivendas adaptadas en base á nova normativa autonómica de habitabilidade.

8 FUTURO

O cambio de modelo cara á Era dixital está xa presente e facilita a participación cidadá, a transparencia e a comunicación bidireccional.

- Poñeremos en marcha unha partida dedicada a Orzamentos participativos dun millón de euros, revisable de acordo ao nivel de participación progresivo. Construiremos así o Oleiros que TI queres.
- Lideraremos e fomentaremos a innovación dixital no Concello, para iso crearemos a Concellaría de Innovación e Novas Tecnoloxías.
- Implementaremos a conexión wifi gratuíta en prazas públicas.
- Impulsaremos políticas activas que revertan a situación de baixa penetración das TIC e de actividades de innovación tecnolóxica no Concello.
- Implementaremos políticas que aborden o insuficiente grao de planificación, coordinación e vixilancia para o despregamento de infraestruturas de telecomunicacións. Hai que acabar coas diferenzas de acceso por zonas.
- Abordaremos tamén as desigualdades no grao de adopción das TIC e penetración da banda ancha nos fogares en función de renda, idade e zona.
- Desenvolveremos unha dinámica económica que aproveite todas as súas potencialidades e activos na creación de emprego de calidade, impulsando o sector produtivo mediante a promoción das TIC e a innovación. Accións con educación, colectivos, tecido empresarial, ...
- Potenciaremos os espazos de coworking e o teletraballo.

9 SANIDADE E SERVIZOS Á COMUNIDADE

A atención ás persoas que máis o necesitan será unha das prioridades de Oleiros, desde o exercicio das súas competencias á consecución de logros, esixindo, desde a lealdade institucional, a outras administracións que exerzan as súas e dean resposta ao que a poboación de Oleiros lles demande.

- Profesionalizaremos o servizo de igualdade municipal, promovendo a estabilización e consolidación dun axente/técnica de igualdade.



- Impulsaremos a creación do Centro de Información a la Muller de Oleiros. É preciso que Oleiros conte cun CIM, ben sexa municipal ou en agrupación de Concellos, de maneira que todas as mulleres oleirenses teñan acceso a un CIM.
- Elaboraremos un Plan técnico de igualdade.
- Desenvolveremos proxectos e campañas sobre educación non sexista e de prevención da violencia de xénero en colexios, institutos de educación secundaria e centros de FP.
- Impulsaremos campañas específicas contra a violencia machista, en particular contra as agresións sexuais, durante as festas e nos espazos de lecer mediante a instalación de puntos lila, onde existirán protocolos específicos para atender este tipo de situacións.
- Estableceremos convenios de colaboración co sector hostaleiro do Concello para a posta en marcha de protocolos fronte a casos de acosos ou agresións sexuais.
- Desenvolveremos programas municipais para a prevención e loita contra a prostitución, trata e a explotación sexual, así como para a recuperación integral das mulleres vítimas.
- Implantarase un servizo municipal que atenda as necesidades dos comedores dos centros educativos, que faga compra local KM 0 e atenda tamén as necesidades dos maiores.
- Poñerase en marcha unha comisión de participación cidadá, de carácter consultivo, que fomentará a participación comunitaria no ámbito da área sanitaria.
- Instarase á Xunta ao reforzo de profesionais sanitarios para adecualo ás necesidades dos e das oleirenses.
- Solicitarase á Xunta dotar de infraestruturas necesarias e pendentes como as de radioloxía no PAC de Santa Cruz.
- Potenciarase a dinamización da saúde mental, implicando á administración con competencias sanitarias como as educativas a través de campañas divulgativas.
- Comprometémonos con todo o colectivo LGTBIQ+ a crear actividades educativas, sociais, deportivas e culturais onde se integren e así potenciar a súa seguridade e poder construír un proxecto de vida.
- Formaremos ao persoal do Concello coa finalidade de crear unha referencia, para que prepare ao colectivo LGTBIQ+ psicolóxicamente co fin de afrontar situacións adversas, tanto sociais como laborais.
- Desenvolveremos un premio cultural que consistirá nun certame literario anual, para todo o alumnado de primaria e secundaria, co obxectivo de fomentar o respecto a todas as persoas.

10 DEPORTE

Para a mellora de todo o relacionado co deporte facemos unha serie de propostas en forma de accións concretas para dinamizalo.

- Reordenaremos a estrutura e organización da xestión deportiva municipal. O deporte constitúe unha área transversal e de gran impacto social que, ademais dunha xestión administrativa propia a través do SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES, require unha concellería específica que non se comparta con áreas tan singulares como “Formación e Emprego” ou “Promoción Económica”.
- Valoraremos os beneficios que supón crear a Fundación Deporte Oleiros, como ferramenta de xestión do servizo municipal de deportes, que podería contribuír á captación de recursos económicos privados polos beneficios fiscais que se aplican ás doazóns.
- Iniciaremos o proceso de dixitalización da xestión deportiva municipal que favoreza a comunicación, participación e transparencia.
- Aínda que en Oleiros se realizan distintas actividades deportivas ao aire libre, debe exporse un plan específico para potenciar o deporte ao aire libre mediante un mellor aproveitamento dos espazos naturais do municipio e a dotación do equipamento adecuado que favoreza o uso libre por parte da cidadanía. Para iso requírese un estudo previo que determine criterios de localización e demanda, para evitar a metodoloxía usual do “salto de mata”.
- As Escolas Deportivas Municipais responden, nalgún caso, a unha vella concepción, aínda que necesaria no seu momento, xurdida na xestión deportiva dos primeiros Concellos democráticos na década dos 80. As escolas deportivas de interese municipal deben vincularse aos clubs e centros educativos de Oleiros, sen que ninguén quede excluído.
- Debe valorarse a posibilidade de crear algún centro de tecnificación deportiva nalgunha modalidade.
- Impulsaremos un PROGRAMA DE MOVEMENTO PARA AS PERSOAS MAIORES. Isto esixe máis recursos económicos e materiais que garantan o dereito ao movemento da poboación maior de 65 anos, aproximadamente máis de 8.000 residentes de Oleiros. O obxectivo debe ser a adquisición de hábitos posturais e de motricidade para as súas rutinas diarias de movemento que lles permita levar unha vida con máis calidade e autonomía. Debe advertirse que isto non se logra simplemente mediante unha práctica deportiva calquera ou imitando o adestramento deportivo dos máis novos.
- Elaboraremos un plan específico, para determinados colectivos con discapacidade ou mobilidade reducida. Neste sentido, requírese unha

revisión da actual infraestrutura deportiva para asegurar a eliminación de barreiras e obstáculos para as persoas con discapacidade ou de mobilidade reducida.

- Poñeremos en marcha un PLAN DE DINAMIZACIÓN DO TECIDO ASOCIATIVO DEPORTIVO. As entidades e clubs deportivos teñen que superar as súas propias debilidades e lograr máis capacidade, madurez, bo goberno e transparencia que melloren a súa xestión e financiamento para evitar a dependencia permanente e exclusiva dunha subvención municipal. Este obxectivo require unha alianza e complicidade do Concello coas súas entidades deportivas, e debe constituír unha das estratexias principais dunha política deportiva moderna.

Este Plan, entre outras accións, debe contemplar as seguintes:

- Facilitar o apoio e asesoramento permanente de todo tipo ás entidades e asociacións deportivas.
 - Valorar o carácter non lucrativo das entidades como mérito nas licitacións da xestión de instalacións ou contratación de actividades e programas deportivos.
 - Colaborar na formación de persoas directivas, técnicas e voluntariado do tecido asociativo do deporte.
 - Asistencia na xestión de patrocinios económicos do sector empresarial e axudas doutras institucións públicas.
 - Prestación de locais ou espazos, de forma puntual ou permanente, para a organización e funcionamento das entidades deportivas.
 - Cesión do uso de instalacións para o desenvolvemento de escolas e outras ofertas deportivas de interese municipal.
 - Recuperaremos os deportes tradicionais.
 - Faremos un inventario de instalacións deportivas, valorando o seu estado de conservación e as necesidades como os vestiarios femininos.
- Convocar axudas económicas específicas para a adquisición de equipamento e material deportivo, mobiliario, equipamento informático, etc. e para a conservación, mantemento e funcionamento de centros ou instalacións propias.
 - Elaborar un PROGRAMA DE TURISMO DEPORTIVO. Este programa debe elaborarse a partir dun estudo rigoroso dos recursos naturais, de infraestrutura e outros que xa ten Oleiros, para valorar se resulta posible e viable o lanzamento dun programa de turismo deportivo.